

SOLUCIÓNS 2º AGRUPAMENTO

SEMANA 7

Páxina 137: 10, 11 e 13

10.- Ladrón: ladroa, ladra

Mandón: mandona

Toleirón: toleirona

Lambón: lambona

Zoupón: zoupona

Patrón: patroa.

11.- Estou morta: estou moi cansa

Non tiña moi boa pinta: ten mal aspecto

Pasádesvos un pouco: sodes inxustos, non estades facendo o correcto.

Que flipe! : É alucinante!

Que riquiño es : es moi agradable, simpático, amable, guapo.

13Seguir: sigo, segues, segue, seguimos, seguides, seguen

Servir: sirvo, serves, serve, servimos, servides, sirven

Acudir: acudo, acodes, acode, acudimos, acudides, acoden.

Ullir: ulo, oles, ole, ulimos, ulides, olen.

Páxina 142: 1 e 2

1.-

Escenario: 6 bambolina: 4

Pano: 10 anfiteatro: 5

Foso: 2 galiñeiro/poleiro: 8

Orquestra: 7 cuncha: 3

Patio de butacas: 1 Tremoia: 9

Escenario: parte do teatro onde se fan as representacións.

Pano: Cortina que nun teatro separa o escenario dos espectadores.

Foso: parte situada debaixo do escenario dos teatros onde se coloca a orquestra

Orquestra: lugar afundido do teatro, entre a escena e o público, onde se sitúan os músicos.

Patio de butacas: nun teatro ou cine, planta baixa fronte ao escenario, onde están as butacas.

Bambolina: cada una das pezas que constitúen a decoración superior dun escenario teatral e que consiste en teas ou papeis pintados.

Anfiteatro: parte da sala de certos locais con chanzos ou asentos colocados a distintos niveis e dispostos de maneira semicircular.

Galiñeiro ou poleiro: parte mási elevada dun cine, teatro, et conde se atopan as localidades máis baixas.

Cuncha: especie de moble cóncavo que se coloca no medio do escenario dos teatros para ocultar o apuntador e proxectar a voz deste cara aos actores.

Tremoia: conxunto de mecanismos que se utilizan no teatro para producir certos efectos especiais na representación dunha obra teatral.

2.-

Drama: 2 traxedia: 7

Ópera: 5 comedia: 4

Suspense: 8 ciencia-ficción: 3

Terror: 6 acción: 1

Acción: xénero no que prima a espectacularidade das imaxes por medio de efectos especiais e de elementos frecuentes como persecucións, tiroteos, pelexas, explosións, roubos e asaltos.

Drama: xénero que expón conflitos entre os personaxes, o que provoca unha resposta emotiva no público.

Ciencia-ficción: xénero baseado nos efectos de hipotéticos avances científicos e tecnolóxicos, presentes ou futuros, sobre a sociedade ou os individuos.

Comedia: caracterízase por presentar un ton optimista, cun final feliz e, sobre todo, por ter elementos de humor ou de ironía.

Ópera: drama musical profano para ser escenificado.

Terror: xénero que provoca sensación de pavor, medo, repugnancia, horror, incomodidade ou preocupación. Os argumentos adoitan desenvolver a súbita intrusión nun ámbito de normalidade dalgunha forza, evento ou personaxe de natureza maligna, a miúdo de orixe criminal ou sobrenatural.

Traxedia: Obra de estilo elevado que representa unha acción seria e grave entre personaxes importantes, e na que o personaxe protagonista está dominado por unha paixón ou fado que o leva á catástrofe.

Suspense: historia de intriga caracterizada por un ritmo rápido, acción, heroes e malvados poderosos.

-Farsa, traxicomedia, sainete, pantomima, son algunhas das múltiples posibilidades.

Páxina 143 : 3

Sipnose:resumo do argumento dunha obra audiovisual que pretende presentar a idea global previamente á elaboración dun guión detallado.

Elenco: conxunto de actores que integran unha compañía ou que participan nun espectáculo teatral, cinematográfico, etc.

Vestuario: conxunto de pezas de vestir usadas por unha persoa ou grupo de persoas, en especial os artistas.

Maquillaxe: conxunto de produtos que se aplican no rostro de alguén para modificar o seu aspecto.

Peiteado: forma en que vai amañado o cabelo dunha persoa.

Son: sensacións percibidas polo oído nunha película.

Orzamento: cálculo anticipado do custo dunha obra ou dun servizo.

Subvención: axuda económica que unha institución oficial ou privada concede a un individuo ou entidade particular.

Palmarés: relación dos feitos meritorios dunha película, neste caso, premios acadados polo filme *Crebinsky*.

Páxina 149: 1, 2, 3 e 4

1.-

Terei unha vasoira no canto de cabeza, pero non son parvo. A menos que sexa no novo Renault, nin tolo volvo pasar por ese bosque. Hai que poñer un punto despois de parvo para evitar a ambigüidade.

Esta non é forma de buscar un curso. Non lle deas voltas. Se buscas información: aprendemais.com. Un punto despois de curso evita a ambigüidade e dous puntos logo de información.

Marina Dor, cidade de vacacións. Mellor, nin o soñe. Coma despois de mellor para evitar a ambigüidade.

2.-

Para peixe fresco, Vigo; para chocos, Redondela; para camaróns, Moaña; para marisco, Cedeira.

Estou falando contigo, Xulio, e gustaríame que me escoitases.

A muller vestida de azul e cun chaleco reflectinte semellaba unha garda de tráfico, pero tan só estaba paseando pola beiravía.

3.-

A piña, o aguacate, a lima, a manga e a papaia son froitas tropicais.

O meu curmán, o que practica atletismo, vive nesta casa.

Pídoche, Xiana, que gardes este segredo.

Castelao, Pedrayo e Risco son escritores da Xeración Nós.

4.-

a) Pídoche, Xiana, que gardes este segredo.

b) A piña, o aguacate, a lima, a manga e a papaia son froitas tropicais// Castelao, Pedrayo e Risco son escritores da Xeración Nós.

c) O meu curmán, o que practica atletismo, vive nesta casa.